

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2015, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias, convocado pola Resolución do 30 de abril de 2013.

A base décima da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 30 de abril de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 91, do 14 de maio), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, dispón que, unha vez adxudicados os destinos, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

De conformidade coa dita base, o artigo 4 da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 20 de xullo), e o artigo 8 do Decreto 198/2012, do 27 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* nº 194, do 10 de outubro), esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 30 de abril de 2013 (*Diario Oficial de Galicia* nº 91, do 14 de maio).

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de médico/a de urxencias hospitalarias, aos/ás aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.



Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. Non obstante, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2015

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO
Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

Médico/a de urxencias hospitalarias

DNI	Apelidos e nome	Destino adxudicado	Localidade
*550H	Alonso Paz, Jorge	329900550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Hospital de Verín	Verín
*142P	Ferreiro Gómez, Manuel	270600550 - EOXI Lugo-Cervo-Monforte-Hospital da Costa	Burela
*187F	González Maroño, César	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
*887T	Lombardía Cortiña, Mónica	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
*264A	López López, Susana	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
*664D	Lorenzo Carrero, Jorge	329900550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Hospital de Verín	Verín
*316R	Mirás Bello, Carlos David	360300550 - EOXI Pontevedra-O Salnés-Complexo Hospitalario de Pontevedra	Pontevedra



DNI	Apelidos e nome	Destino adxudicado	Localidade
*115N	Pérez Pacheco, Marina	159800550 - EOXI A Coruña-Hospital Virxe da Xunqueira	Cee
*880P	Pichel Loureiro, Ángel	159900550 - EOXI Santiago de Compostela-Hospital da Barbanza	Ribeira
*996F	Rodríguez Trigo, Sandra	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
*030Z	Touceda Bravo, Alberto	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense
*541C	Varela Portas Mariño, Jacobo Antonio	320100550 - EOXI Ourense-Verín-O Barco-Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense

* O nº de DNI do/da aspirante seleccionado/a amósase cifrado en protección dos datos de carácter persoal.

